

Resolución do procedemento de inscrición do monte De Pereira no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas autóctonas

Antecedentes

1. O 29/12/2020 o representante de CMVMC de Pereira, titular do monte De Pereira , solicitou o inicio do procedemento de inscrición do dito monte no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, de acordo co artigo 6 do Decreto 167/2019, do 5 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas
2. O día 26/03/2021 o Servizo de Montes de Ourense informou favorablemente a solicitude.
3. O día 16/04/2021 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) un anuncio polo que se someteu a información pública o procedemento de inscrición no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas do monte De Pereira.
4. Durante o período de información pública non se presentaron alegacións.
5. Instruído o procedemento, o día 18/06/2021 comunicouse ás persoas interesadas a apertura dun trámite de audiencia, en cumprimento do artigo 11.6 do Decreto 167/2019, e do artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
6. Durante o trámite de audiencia non se presentaron alegacións.
7. O 06/09/2021 o xefe do Servizo de Montes de Ourense formulou a proposta de resolución do expediente, que a continuación elevou á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

Consideracións legais e técnicas

1. O procedemento de inscrición do monte De Pereira no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas instruíuse de acordo co Decreto 167/2019.
2. Segundo o artigo 12.1 do Decreto 167/2019, o órgano competente para resolver é a Administración forestal, que de acordo co artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, é o órgano da Comunidade Autónoma, con rango de dirección xeral ou secretaría xeral, con competencias en materia de montes.
3. O artigo 15.1 do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, establece que á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal correspóndelle o exercicio das competencias inherentes á política forestal, desenvolvendo as



medidas relacionadas coa planificación, ordenación, fomento, mellora da produción e conservación dos recursos forestais.

Tendo en conta o anterior, **RESOLVO:**

1. Que se inscriba o monte De Pereira no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, coas seguintes características:

Nome do monte: De Pereira (A Merca, Ourense)

Titular: CMVMC de Pereira

Superficie a inscribir: 22,42 ha en tres coutos redondos.

- Couto redondo 1: 9,39 ha, *Quercus pyrenaica* e *Betula celtiberica* con masas accesorias de *Quercus suber* e *Quercus rubra*, FCC 100%, idade entre 25 e 30 anos.
- Couto redondo 2: 6,08 ha, *Quercus pyrenaica* e *Betula celtiberica* con masas accesorias de *Quercus suber* e *Quercus rubra*, FCC 100%, idade entre 25 e 30 anos.
- Couto redondo 3: 6,93 ha, *Quercus pyrenaica* e *Betula celtiberica* con masas accesorias de *Quercus suber* e *Quercus rubra*, FCC 100%, idade entre 25 e 30 anos.

2. Que se publique esta resolución na páxina web da Consellería do Medio Rural.

3. Que se notifique esta resolución ao titular do monte, coa indicación de que, previamente á inscrición da masa no Rexistro, deberá presentar o **xustificante de ter realizado o pagamento da taxa por primeira inscrición rexistro oficial** (código da taxa de inscrición en rexistros oficiais 300200).

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o conselleiro do Medio Rural no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co disposto no artigo 12.5 do Decreto 167/2019 e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,
O director xeral de Planificación e Ordenación Forestal
José Luis Chan Rodríguez
(Asinado dixitalmente)

